

Homes e mulleres, con xatos, ovellas, porcos, carneiros. As feiras aproximábanse ao sagrado, eran case unha continuidade do templo (por máis que Xesús non quixese aos mercaderes dentro) Xunqueira de Ambía aporta ternura dunha escena inxel, fixada para sempre; esa nena seguirá sendo nena, graciosa, ingrávida, fermosa ad eternum; esa nena co burriño e dúas ovellas detrás, acaso as únicas que ten a familia. Humilde aceptación franciscana en contraste co templo do fondo. Fraxilidade do humano fronte á ostentación da arquitectura.

Son magníficas as secuencias sobre as polbeiras en Santiago, posiblemente na carballeira de Santa Susana, os toldos de campamento, os vapores que emanan do polbo quente. E que dicir deses carros na praia, en Pontevedra, que lembran un cadro de Sorolla; os bois, a area, as rodeiras, as mulleres recollendo as algas, abono orgánico para fecundar as terras. Ou eses homes que chegan nas cabalerías, mulo e burriño, polo Portillo de Candas, camiño de Galiza.

En todas as fotografías o contraste da luz e do negro, cos detalles puntuais, coa sensibilidade para dotar de protagonismo a homes e mulleres no seu diario latexo, na súa circunstancia, elevándoos a protagonistas da súa historia e da historia do seu pobo, eles, que nunca tiveron historia. Enigmáticas esfinges populares. Silenciosas.

Xulio Valcárcel

